



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE FACENDA E A ASOCIACIÓN SEN ÁNIMO DE LUCRO GEN PLUS PARA A ORGANIZACIÓN DUN WORKSHOP E A ELABORACIÓN DUN INFORME SOBRE NIVELACIÓN INTERTERRITORIAL

O director xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda,

DECLARA:

Que a Consellería de Facenda e maila a Asociación sen ánimo de lucro GEN PLUS formalizan o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 15 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto outorgarlle unha subvención de concesión directa segundo o disposto no artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia á Asociación GEN PLUS para:

- organizar un workshop sobre a nivelación interterritorial, estimación de necesidades de gasto (estrutura demográfica por grupos de idade das diferentes Comunidades Autónomas de réxime común e as súas proxeccións, catálogo de servizos e prestacións a garantir polo sistema e deseño dun sistema de custo estándar para valoralos), avaliación da capacidade tributaria das diferentes Comunidades Autónomas de réxime xeral, fondos de nivelación para o peche dun sistema de financiamento equitativo.
- Elaborar un informe sobre nivelación interterritorial que comprenderá os seguintes aspectos:
 - a. Capacidade fiscal vs necesidades de gasto
 - b. Nivelación parcial vs nivelación plena
 - c. O sistema foral e o REF Canario

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que este instrumento convencional se fundamenta en que existe interese público en elaborar unha proposta do novo modelo de financiamento autonómico desde a Comunidade Autónoma de Galicia que responda á realidade galega e ás súas necesidades por canto del vai depender o futuro económico desta Comunidade Autónoma así coma o nivel de benestar dos galegos e galegas. Para esta consellería son, pois, de gran utilidade todas as liñas de investigación, estudos, obradoiros de traballo e informes que versen sobre este tema.

A sinatura deste convenio só se pode realizar coa Asociación GEN PLUS que organiza as actividades obxecto do convenio nas que participan os seus propios asociados así coma



investigadores e economistas de renome internacional que difunden os resultados das súas propias investigacións e os seus coñecementos sobre os distintos modelos de financiamento autonómico.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional toda vez que a consellería non vai percibir ningunha contraprestación.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

O director xeral de Planificación e Orzamentos

Miguel Corgos López-Prado